CONCELLO DE BERGONDO
Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

INFORMACION PÚBLICA

Por Resolución desta alcaldía presidencia núm. 553/2024, do 6 de maio, adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

«Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

ASUNTO: CAMBIO TEMPORAL DO LUGAR DE CELEBRACIÓN DE SESIÓNS PLENARIAS

EXPEDIENTE: 2023/G005/000001

Logo de ver que o pasado 2 de febreiro de 2024, asinouse o contrato de obra de «*Rehabilitación energética de la sede del ayuntamiento de Bergondo (Casa Consistorial)*», financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Eurpoea Next Generation, con cargo ao Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edificios Públicos para as Entidades Locais (PIREP local) que encóntrase en fase de execución.

Dado o estado das obras, xa houbo que deixar libre a planta primeira da Casa do Concello dado que vaise demoler a actual cuberta así como levar a cabo a construcción da nova, o que fai imposible o uso do salón de Plenos, lugar habitual de celebración das sesións plenarias e tamén das comisións informativas.

Logo de ver o artigo 49 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das diposicións legais vixentes en materia de réxime local que dispón: *«Las sesiones se celebrarán en la Casa Consistorial o en el Palacio Provincial que constituya la sede de la respectiva Corporación. En los casos de fuerza mayor, podrán celebrarse en edificio habilitado al efecto»*; e o artigo 85 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamiento e réxime xurídico das entidades locais, que establece neste caso referido ás sesións plenarias: *«1. El Pleno celebrará sus sesiones en la Casa Consistorial, Palacio Provincial o sede de la Corporación de que se trate, salvo en los supuestos de fuerza mayor en los que, a través de la convocatoria o de una resolución del Alcalde o Presidente dictada previamente y notificada a todos los miembros de la Corporación, podrá habilitarse otro edificio o local a tal efecto. En todo caso, se hará constar en acta esta circunstancia.»*

No uso das atribucións legalmente conferidas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Modificar, pola causa de forza maior indicada no corpo desta resolución, o lugar de celebración das sesións Plenarias deste Concello, celebrándose provisionalmente no salón de actos da Casa da Cultura do Concello de Bergondo.

O devandito cambio no lugar de celebración das sesións plenarias terá efectos para os plenos que se vaian a celebrar no mes de maio de 2024.

SEGUNDO. Que a Secretaria leve a cabo os trámites legais oportunos para a notificación desta Resolución aos/ás concelleiros/as da Corporación.

En Bergondo, luns 6 de maio de 2024. A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez. Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos»

FIRMADO POR Alejandra Pérez Máquez (FECHA: 08/05/2024 12:54:00)
Versión imprimible
CVD: y2JMFP1hTbJWGmsP8DI/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).

CONCELLO DE BERGONDO
Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Bergondo, 8 de maio de 2024

A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez

FIRMADO POR Alejandra Pérez Máquez (FECHA: 08/05/2024 12:54:00)
Versión imprimible

CVD: y2JMFP1hTbJWGmsP8DI/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).